

Avanza cos seus plans de expansión ao ritmo previsto

EROSKI INAUGURA 52 FRANQUÍAS NO 2020

- O investimento ascendeu a máis de 7,8 M€ e xeráronse 312 postos de traballo
- A rede de tendas franquizadas de EROSKI ascende a máis de 530 tendas
- Durante o pasado ano EROSKI e AVIA asinaron un acordo de colaboración para abrir supermercados *Rapid* nas estacións de servizo
- EROSKI cumpre 5 anos promovendo un modelo de supermercado inclusivo xunto con entidades de economía social

Elorrio, 1 de marzo do 2021.- [EROSKI](#) inaugurou 52 franquías no 2020. O investimento global ascendeu a 7,8 millóns de euros e xeráronse 312 postos de traballo. Esta expansión, a carón da transformación emprendida na súa rede de tendas propias, representa un forte impulso á extensión do modelo comercial 'contigo' que define a nova xeración de tendas EROSKI.

As comunidades autónomas nas que se concentrou o maior número de inauguracións son Cataluña (9), Madrid (8), Andalucía (7), Baleares (6), Navarra (5), Galicia (4) e País Vasco e Comunidade Valenciana con 3 aperturas. Séguenas Aragón, Castela León e A Ríoxa con dúas inauguracións respectivamente e, para rematar, Cantabria e Castela A Mancha coa apertura de cadansúa tenda franquizada.

EROSKI mantén o ritmo de aperturas de franquías de anos anteriores, que lanza un balance de 340 inauguracións no últimos seis anos, superando o medio milleiro de supermercados franquizados na actualidade. Continúa así a expandir a súa rede franquizada co foco posto en Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha, Extremadura e Levante, para os vindeiros anos. Durante o exercicio 2021 EROSKI ten previsto inaugurar máis de 70 franquías.

O portfolio de insignias que EROSKI lles ofrece aos seus franquizados é variado e adaptado ás poboacións nas que queren establecer o seu negocio. *"É moi importante medrar, pero aínda o é máis ter unha rede saneada e consolidada, polo que somos moi rigorosos na selección das localizacións e nos perfís dos potenciais franquizados. As franquías EROSKI son supermercados de ultra proximidade duns 150-400 m² que integran o produto local de cada zona xeográfica, cunha ampla variedade en produtos frescos e de alimentación e que ofrecen unha atención próxima e de confianza a través dos nosos franquizados"*, destaca o director de Franquías de EROSKI, Enrique Martínez.

Tendas *Rapid* en estacións de servizo

A innovación máis recente nos formatos comerciais de franquía EROSKI é *Rapid*, inaugurado no 2017. Trátase dun autoservizo de conveniencia, cun amplo horario

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

comercial, de 15 horas cada xornada (de 8 a 23 horas) os 365 días do ano, e que nos seus aproximadamente 150 m2 ofrece a maior oferta comercial por metro cadrado, con 3.600 referencias que cobren arredor de 800 necesidades do consumidor. A rede total de franquías *Rapid* ascende a 28 tendas e atópanse situadas en estacións de servizo, en zonas de praia, na universidade e no centro urbano. Os próximos plans de expansión da rede inclúen Madrid, a zona costa de Levante, Andalucía, Cataluña, Illas Baleares, País Vasco, Navarra e A Rioxa.

“Mantivemos o ritmo de aperturas malia ás circunstancias especiais que estamos a vivir coa pandemia e para o 2021 prevemos abrir unhas 20 novas franquías RAPID. En EROSKI seguimos a apostar por esta oportunidade de mercado arredor da conveniencia e dos hábitos de consumo de compra rápida, fácil e de impulso”, sinala o director de Franquías de EROSKI.

Durante o pasado ano EROSKI e AVIA asinaron un acordo de colaboración para abriren supermercados *Rapid* nas estacións de servizo coas que o operador petrolífero conta ao longo do territorio nacional. Ata o momento abríronse 10 tendas EROSKI *Rapid* en gasoleiras AVIA. Polo de agora as tendas xa abertas son 2 no País Vasco, 2 en Madrid, 3 na Rioxa, 2 en Navarra e 1 en Valladolid. Para o 2021 estímase un plan de expansión en gasoleiras de 15 tendas máis.

Convenios de colaboración

A cooperativa mantén os seus convenios de colaboración coa Confederación Española de Asociacións de Xoves Empresarios (CEAXE) para apoiar e impulsar o emprendemento entre os empresarios novos e o acordo coa Federación Nacional de Asociacións de Empresarios e Traballadores Autónomos (ATA). Con estes acordos, amais de reforzar o seu compromiso co emprendedor, EROSKI busca contribuír ao desenvolvemento da economía local nas distintas comunidades autónomas.

Premio Comercio do Ano á Mellor Franquía

Recentemente, a proposta de EROSKI foi elixida polos consumidores como a mellor na categoría de *Franquías* na décima edición dos [Premios Comercio do Ano 2020-2021](#), o maior certame de consumidores de España e un dos maiores estudos de mercado do sector do *retail*.

5 anos a apoiar a economía social

EROSKI celebra este ano cinco anos de traballo promovendo un modelo de supermercado inclusivo xunto con entidades da economía social. Con GUREAK consolida o seu proxecto para a integración social e laboral de persoas con discapacidade e celebra os seus cinco anos de andaina cun balance máis ca positivo. Actualmente contan con tres supermercados xestionados integramente por persoas con discapacidade, dous en Vitoria-Gasteiz e outro en Azpeitia. Esta iniciativa conxunta entre ambas as entidades é un proxecto de innovación social que abre novas oportunidades para a inclusión laboral de persoas con discapacidade e que impulsa, a

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



través do contacto directo co público, a normalización na sociedade da diversidade das súas capacidades e aptitudes.

Amais das 3 tendas do País Vasco, EROSKI estendeu este modelo de supermercado inclusivo noutros perímetros como Cataluña, coas 2 tendas que CAPRABO abriu en virtude da colaboración con AMPANS e mais a que ten en Galicia con SOLTRA. EROSKI está a explorar a posibilidade de espallar esta experiencia a outras rexións a través de novas colaboracións con distintas organizacións con fins sociais. *“Comprobose que é un modelo de éxito desde todos os eidos, especialmente o social, pero tamén o económico. Estamos a xerar riqueza e emprego no noso contorno”*, puntualiza Martínez.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa Tel: 946 211 214
KRISTIAN PRIETO

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA. G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)